

BASES 2016
Francisco Asorey
CERTAME DE ESCULTURA



Francisco Asorey

CERTAME DE ESCULTURA

BASES **2016**

A Asociación Cultural Francisco Asorey, comprometida co desenvolvemento e a promoción da arte e para recordar a figura do escultor, convoca a terceira edición do Certame de Escultura Francisco Asorey.

1. A Asociación Cultural Francisco Asorey, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a da Deputación Provincial de Pontevedra e a do Concello de Cambados, convoca o III Certame de Escultura Francisco Asorey.
2. Poderá participar neste certame calquera persoa, sen límite de idade, previamente inscrita segundo o establecido nestas bases.
3. Cada participante só poderá presentar unha única obra escultórica da que sexa autor ou autora.
4. As obras serán de tema libre, inéditas, orixinais e non presentadas en ningún outro certame, mostra, exposición ou exhibición pública de ningún tipo. As obras non poderán estar asinadas, só levarán un lema ou pseudónimo.
5. As obras poderán estar realizadas en calquera material. As dimensións non serán superiores a 120 cm de alto, 80 cm de profundidade e 80 cm de ancho, e deberán poder ser transportadas e manipuladas sen prexuízo da súa integridade.

6. A inscrición realizarase en soporte electrónico no boletín de inscrición habilitado para tal efecto na páxina web www.franciscoasorey.es entre o 16 de febreiro e o 10 de xuño de 2016, ambas as datas incluídas. A inscrición conterá obrigatoriamente tres imaxes da obra co fin de percibir a súa visión global (en formatos jpg, tif etc., entre 500 Kb e 1,5 Mb cada imaxe). O autor ou autora autoriza a publicación destas imaxes na páxina web da Asociación Cultural Francisco Asorey, así como noutras canles que tanto a asociación coma as entidades colaboradoras co certame estimen oportunas para a súa difusión pública. Incluirase unha ficha técnica da obra, na que se indicarán o título, as dimensións, material ou materiais empregados e a súa técnica. Deberá presentar tamén o seu currículo persoal cunha extensión máxima de 1.800 caracteres. A Asociación Cultural Francisco Asorey remitiralles ás persoas inscritas un correo electrónico para confirmar a recepción e a súa inscrición no certame.

7. O premio do certame está dotado coa cantidade de cinco mil euros (5.000 €). Concederanse dous accésits de 1.000 euros. Os importes dos premios estarán suxeitos ao disposto na lexislación vixente en materia fiscal e serán entregados persoalmente nun acto organizado para tal efecto.

8. O premio e/ou os accésits poderán quedar desertos, se así o considera conveniente o xurado.

9. O xurado do certame estará integrado por personalidades relevantes do mundo artístico e cultural. A súa composición darase a coñecer o día en que se reúna para deliberar sobre as ou os finalistas.

10. Tras a selección das obras finalistas do III Certame de Escultura Francisco Asorey a asociación poñerase en contacto coas ou cos artistas seleccionados para que, no prazo de 10 días, envíen o orixinal da obra para a súa exposición. En ningún caso se manterá correspondencia sobre as obras non seleccionadas.

11. Unha vez depositadas as obras finalistas o xurado reunirse para decidir o premio e os accésits. No caso de que algunha obra non coincidise coa presentada na documentación de inscrición ou tivese algún tipo de defecto non apreciado na documentación, esta será rexeitada. O xurado poderá escoller outra obra das presentadas para substituíla como finalista.

12. As obras finalistas conformarán a exposición do Certame de Escultura Francisco Asorey. A exposición poderá ser itinerante.

13. A obra galardoada pasará a ser propiedade do Concello de Cambados, ao que o autor ou autora lle cederá a título gratuito os dereitos de explotación do traballo nas modalidades de reprodución, comunicación pública e distribución.

14. Os gastos de envío e devolución así como o do seguro de transporte e os aranceis de aduanas, se fose o caso, serán por conta de cada participante e terá que xestionalos el mesmo. Se a exposición fose itinerante os organizadores e colaboradores correrían cos gastos de transporte entre as sedes de exposición.

15. Os organizadores do certame non subscribirán ningún seguro que cubra posibles deterioracións da obra; non obstante, poñerán o máximo coidado durante o tempo que as obras permanezan baixo a súa custodia. Recomendáselles ás persoas seleccionadas que aseguren as obras.

16. Os datos persoais recollidos incorporaranse ás bases de datos da Asociación Cultural Francisco Asorey, responsable do ficheiro, e serán tratados coa finalidade de atender a solicitude de inscrición do certame.

17. A participación no Certame Escultórico Francisco Asorey implica que se aceptan as bases e a decisión do xurado. Calquera das circunstancias imprevistas nestas bases resolverase por criterio común do xurado.

Colaboran:



XUNTA
DE GALICIA

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Concello
de Cambados

Organiza:

